

Franz Kafka naceu en Praga, a capital de Bohemia por aqueles tempos, foi o 3 de xullo de 1883. Creceu no seo dunha familia de orixe xudío, ben posicionada economicamente. Pasou a súa infancia nunha profunda soedade, a relación que mantiña cos seus pais non era moi boa, apenas tiña contacto con eles e cando estaban xuntos as súas posicións eran moi distantes. Franz non era o fillo que o seu pai esperaba ter, tanto o seu carácter como a súa constitución física (desde neno xa foi una persoa bastante enfermiza) non lle agradaban. Hermann Kafka houbera preferido que o seu fillo continuara as súas labores ao fronte dos negocios familiares, nembargantes desde os seus inicios nas escolas alemáns, Franz mostrou o seu grande interese pola literatura.

Despois de estudar primaria e secundaria, (en escolas alemáns como xa fixen mención anteriormente) Kafka pasou para un centro de bacharelato. Escola e bacharelato aportaronlle ben pouco mediante métodos de memorización pouco producentes pois xa apuntaba maneiras desde xoven – as súas primeiras obras remóntanse á época do instituto –. Esta época escolar está caracterizada por una inseguridade e aillamento social, ademais dunha falta de confianza en sí mesmo. Nos últimos anos do instituto experimenta algúns cambios, froito da súa madurez. Darwinista convencido tamén admiraba a Nietzsche, decantábase por posturas socialistas e procuraba distanciarse da relixión.

Kafka está decidido a ser escritor pero ingresa na universidade para cursar una carreira que ao final lle poida dar independencia económica.

Moi cedo entablara amizade con persoas próximas ao Círculo de Praga, o que contribuirá positivamente ao seu desenvolvemento literario.

Logo de rematar a carreira Kafka convértese en funcionario dunha empresa aseguradora da que pasaría a outra ao pouco tempo ata que esta o xubilou por enfermidade no ano 1922.

Os diversos acontecementos que se producen na súa vida inflúen no seu estado de ánimo e tamén na súa obra, na temática e na forma de concebir a vida. No ano 1914 inicia una relación con Felice Bauer, una relación esta chea de sobresaltos, sepáranse volvense a xuntar... finalmente en decembro do 17 rematan definitivamente. Nese mesmo ano descúbreselle una tuberculose de pulmón. A vida de Franz Kafka caracterízase polas súas dúbidas e inseguridade no amor, constantemente sente a necesidade de casarse de compartir a vida con algunha muller que o saque da soedade na que está sumido. As súas obrigacións laborais sumadas ao seu traballo como escritor impiden prestarlle atención ás mulleres coas que está e así pois a consolidación dalgunha destas relacións.

Despois de Felice, Kafka estivo ligado a Julie Wohryzek e máis tarde coa periodista Milena que se convertiu en depositaria dunha importante parte da súa obra. A última muller da súa vida foi Dora Diamant que permaneceu con el ata os seus derradeiros días.

O día 3 de xuño do 1924 Franz Kafka morre no sanatorio de Kierling acusado de tuberculose de larinxe .

A vida persoal inflúe notabelmente na súa produción literaria. Con frecuencia emprega experiencias e problemas persoais nas súas historias. É por este motivo polo que non se poden comprender algunhas obras de Kafka sen coñecer algo da súa vida.

As primeiras obras datan da época do instituto e a universidade. Moitas das obras non chegaron ata nos porque foron destruídas polo mesmo autor, sempre incomformista e con pouca autoestima e confianza en sí mesmo, mais coñecemos a súa existencia pola mención que fai delas nos seus diarios.

– Descrición dunha loita (1904–1910)

- Preparativos para una boda no campo (1907–1910)
- Contemplación (1909)
- Moito ruido
- Relatos publicados en revistas – O mundo cidadan
- Richard e Samuel

Despois de escribir a condena no 1912 comeza una das épocas de maior actividade do autor. A finais dese mesmo ano comeza a escribir o desaparecido, traballo que alternara coa obra Metamorfose.

Obras máis importantes de Franz Kafka

1917– 1918.

- Un médico rural – O xinete do cubo
- Una encrucillada – O veciño
- Prometeo – O golpe no portón

1919. – Carta ao pai (única obra autobiográfica)

1922. – O castelo Esta obra ficou sen rematar.

Franz Kafka enfróntase á súa obra coa mesma inseguridade e a mesma actitude crítica que ante sí mesmo.

O que en principio ía ser una historia curta acabou por converterse nas tres partes da obra, posíbelmente a máis representativa do autor. Metamorfose contanos a historia –como ben indica o título– dun home que sofre un cambio na súa aparencia corporal.

Franz Kafka comezou a escribir Metamorfose en setembro do 1912 ao mesmo tempo que mantiña relación con Felice Bauer. A obra non foi publicada ata 1915, primeiro na revista Weisse Blätter da editorial Kurt Wolff e despois como volume dunha colección desta mesma editorial.

A idea de escribir esta obra ocorréuselle a Kafka nun momento en que a súa relación con Felice pasaba pola primeira crise. Ao igual que o personaxe da obra, o autor encontrábase sumido nun estado de tristeza e profunda melancolía.

Gregor Samsa despertouse una mañá e viuse convertido en insecto. Tomara o aspecto dun escarabello, incrédulo todavía pensaba que aquilo debía ser un soño e intentou durmir de novo, pero non o conseguiu. Nun primeiro instante Gregor asombrase polo seu novo estado pero non o acaba de asumir. Pensa que o cambio de voz pode ser debido a un catarro pero o do corpo é inexplicable este oficio tan duro di o protagonista.

Estaba traballando de comerciante para una empresa. Debía manter á familia e destinar parte do salario para pagar as deudas que a súa familia mantiña co seu xefe. Ese mesmo día tiña que saír de viaxe pola mañá cedo , por mor do seu estado actual non podía apenas moverse pero estaba decidido a acudir ao traballo pois creía que non tardarían en pasarlle as alucinacións que sufría. Un home da empresa presentouse na súa casa para comprobar a razón da súa demora.

Despois da insistencia da súa familia – que xa estaba algo preocupada– e dos seus esforzos, conseguiu saír do cuarto. Cando apareceu pola porta tan grande foi a sorpresa como a desesperación da familia. O apoderado da empresa fuxiu con temor e o pai de Gregor introduciu a este outra vez no cuarto.

O terríbel do personaxe non é só o seu aspecto senón o seu interior, o seu estado anímico.

A obra transcorre cun Gregor aillado no seu cuarto que pasa por tres fases: asombro ante o seu novo estado, represión do mesmo e paulatina aceptación. A aceptación da súa identidade dependía en bo grao da opinión da familia. A irmá é a que se ocupa del e os pais mantíñanse ao marxe.

Nos primeiros días despois da transformación Gregor permanece atento pegado á porta do cuarto para enterarse de todo o que sucede pois preocupalle a familia que agora estaba pasando por apuros económicos. Pouco a pouco vai perdendo estas preocupacións e pasa o tempo colgado do teito ou ben dando voltas polas paredes. A irmá pronto se deu conta da nova diversión de Gregor e pensa que o mellor sería retirar os mobles para proporcionarlle maior liberdade nos movementos. A nai non está totalmente convencida e cavila que quizais o seu fillo poida sentirse así abandonado á súa sorte, e ademais poida pensar que a familia non ten esperanzas de que regrese ao seu estado anterior. Gregor que escoitara as verbas da nai reflexionou acerca da situación. Primeiramente houbera preferido máis espazo para desenvolverse pero decátase de que os mobles son o único vínculo humano que lle queda cando case olvidara o seu pasado, xa que logo intenta, sen éxito, que os mobles permanezan no seu sitio.

Nun intento por recuperalos as dúas mulleres encontraron a Gregor fora do cuarto. A nai caeu desmaiada e a filla acudiu a socorrela. Ao pouco apareceu o pai que chegaba de traballar. Grete contoulle a acción que o seu irmán protagonizara mais el pareceu non entender por que Gregor saíra do cuarto, pensando que actuara violentamente. O vello indignado meteu ao insecto para a súa cova e incrustoulle no lombo unha das varias mazás coas cales o acribillara.

A partir dese suceso Gregor ficou no cuarto cunha intensa dor. Os días pasaban e apenas durmía ou comía. Deste xeito foise debilitando pouco a pouco. A familia deixou de preocuparse por el, incluso a súa irmá, e o cuarto convertíuse nun vertedoiro. A situación mantívose ata o día da súa morte. Este día foi en parte triste para a familia pero certo é que sabían que isto era o mellor que podía haber pasado. Agora comezaba una nova vida para eles.

A familia Samsa mostra una repugnancia ante o novo estado de Gregor nembargantes non todos toman a mesma actitude. A irmá é a que máis tempo pasa con el, ten un lazo de unión moi forte, o mesmo que sucede na vida real de Kafka) e confía en que se recupere mais non pode deixar de sentir asco. Adquire, pese a súa xuventude (tiña dezasete anos) un grande sentido da responsabilidade, ocúpase de Gregor por completo e impide que a nai poida velo no seu deplorable estado. A nai, bondadosa é a que máis sofre e a que peor fai fronte á situación. Mantense sempre ao marxe pero está moi preocupada polo seu fillo. O pai representa a autoridade e o dominio, a relación coa seu fillo non é moi boa, parece similar á mesma que Gregor mantiña coa xefe, el era un individuo impotente en mans dunha instancia superior. O pai era o máis distante pero tamén o máis frío, sabía o que facer en cada momento e permanecía imperturbábel en todo momento.

O narrador ocúpase de narrar a historia con todo detalle. Actúa como narrador omnisciente pero non participa nos sucesos que relata.

Toda a obra constitúe un verdadeiro paralelismo coa propia vida do autor. A transformación de Gregor non é outra cousa que una profunda crise de identidade. Sentíase dominado polos factores externos, estaba suxeito a un traballo no que estaba incomodo e dalgunha maneira estaba sumido nunha situación de estrés e ansiedade. A Kafka ocorríalle o mesmo, o traballo diario mermaba as súas forzas e impedía o seu pleno desenvolvemento literario pero estaba supeditado a el porque lle proporcionaba esa independencia económica que desligaba un pouco da familia. Kafka atravesaba ademais una crise de identidade, non acaba de saber o que quere ou ben non

pode controlar a súa vida. Por unha parte sente a necesidade de comprometerse cunha muller para saír da soedade na que estaba inmerso. Por outra banda Franz necesita tempo para cumprir coa súa actividade laboral e seguir adiante coa súa obra e non encontra un momento para adicarillo ás mulleres.

Aínda tendo en conta todos estos factores e como inflúe a vida de Kafka na posterior obra non sería de todo correcto que identificáramos ao autor coa personaxe da historia pois todavía gardan diferencias. Gregor morre subordinado, dalgún xeito fracasado e insignificante ante o pai, Kafka morre vencido pola enfermidade pero coñecedor de que levou ou canda menos tentou levar a vida polo vello que consideraba máis axeitado e o que lle produciría máis satisfacción. A demais Kafka dáse de conta da superioridade intelectual que ten respecto ao pai o que fai que a súa morte sexa quizais máis digna.

A historia contada posibelmente non sexa do mellor en canto a argumento e orixinalidade –pois pode gardar certas similitudes con fábulas e contos– nin a de maior contido para o análise, pero a pesar de que Franz Kafka pretendeu sempre seguir o camiño da literatura e afastándose un pouco doutros temas, *Metamorfose* ten un grande valor para a psicoloxía e a filosofía pois mostranos a maneira de comportarse dun individuo e como afectan as circunstancias sociais a súa mente.